

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA SEIS DE XULLO, CON CARÁCTER ORDINARIO.****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
Escusan asistencia	Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos do día seis de xullo de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA****1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (15/06/2017).**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día quince de xuño do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se indica, apróbase por unanimidade dos asistentes:

\*No punto 2.3 relativo á comunicación previa de obra de dona Rosa María Vilasante Fuentes (expediente 2017/U026/000018), onde di “.... e recuández 6 metros do eixe da vía”, debe dicir “..... e recuández 5 metros do eixe da vía”

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacóns previas.**

2.1.- Instancia núm. 384/17 de dona Dolores Villaverde Albela e don Manuel Núñez Neira (Expte. Número 2017/U018/000005)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicitan licenza para regularización de fincas en Cimadevila (San Miguel de Sarandón) nos tesmo da documentación técnica achegada e asinada por don Brais Vázquez Rey en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data marzo de 2017.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Rústico de Especial Protección Agrícola (R-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a licenza para regularización de lindes das parcelas descritas no proxecto mencionado, emprazadas no lugar de Cimadevila (San Miguel de Sarandón), nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, e que ascenderon á cantidade de cento vinte euros (#120,00#).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2.2.- Instancia núm. 20170000000284 de don José Manuel Castro Pallas. (Expediente núm. 2017/U022/000005)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para construcción de vivenda unifamiliar, en Gatente –San Andrés de Trobe, emprazada en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas B+1. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m., e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela, cun orzamento de 141.176,47 euros..

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Construirase de acordo co proxecto presentado.

-En cumprimento do artigo 91 da Lei 2/2016 do solo de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que favoreza a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016 do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m, debendo gardar a distancia das alíñacione s respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá quedar ao mesmo nivel cá vía e deberase colocar por debaixo un tubo de sección mínima 400 mm para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

A parcela conta cunha vivenda para a que se concedeu licenza de demolición, executándose de forma simultánea ambas obras, quedando a licenza de primeira ocupación condicionada á demolición total da mesma.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número S02, de 85,00 m<sup>2</sup>. e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública na que se formalice a mencionada cesión e estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil oitocentos vinte e tres euros con cincuenta e tres céntimos (#2.823,53#)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



2.3.- Instancia núm. 20170000000606 de Unión Fenosa Distribución, SA. (Expediente núm. 2017/U022/000016)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en A Coruña, representada por don José A. Fernández Amaro, solicita licenza para obras de paso aéreo – subterráneo en apoio existente e canalización de 1 m. para servizo á vivenda en Texo –San Fins de Sales) (Expediente núm.: 2017/U022/000016), en solo cualificado como De expansión do núcleo rural (N-2), segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Miguel A. Bernal López, en calidade de Enxeñeiro Industrial.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme ao proxecto achegado.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.4.- Comunicación previa de obra de don Alberto Fernández Lamas. (Expediente núm. 2017/U026/000026 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Alberto Fernández Lamas para construcción de peche de parcela , con base de bloques, postes e arame, cunha altura de base maciza que non superará os 1,50 m. nin o total de 1,80 m. Recuarase 6,00 m. do eixe da vía municipal, e tamén para a colocación de tubos, de sección suficiente, na gábea para acceso á finca nunha distancia aproximada de 8 m.

As actuacións comunicadas levaranxe a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B502304850000TP, emprazada en Sales –San Fins de Sales, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:


Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado; garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes; cumplir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 m. do eixe da vía, así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento dezaseis euros con oitenta e catro céntimos (#116,84#).



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 2.5.- Comunicación previa de obra de dona Ana Belén Garea Bust. (Expediente núm. 2017/U026/000027)

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por dona Ana Belén Garea Bust para pavimentación de acceso á contorna de vivenda, de aproximadamente 160 m<sup>2</sup>.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B501003380000TS, emprazada en Paradela núm. 70- San Xián de Sales, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse ao comunicado.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e un euros con catorce céntimos (#91,14#).

### 2.6.- Comunicación Previa de obra para actividade de don Carlos Junquera Fernández. (Expediente núm. 2017/U027/000002 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Carlos Junquera Fernández para acondicionamento de local para oficina nos termos no proxecto presentado asinado por don Eugenio Torreira Pais en calidade de arquitecto.

Dáse conta tamén da presentación da comunicación previa da actividade descrita no proxecto mencionado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo en edificación emprazada no lugar de Vista Alegre, 14 (Ponte Ulla).

A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa, debendo axustarse ao expresado na documentación técnica. Rematadas as obras de acondicionamento deberá achegarse comunicación previa de inicio de actividade.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento cincuenta e cinco euros con sesenta céntimos (#155,60#).

### 3º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas e técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na xestión das instalacións e actividades do Pavillón Municipal.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e prescripcións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos consistente na xestión das instalacións e actividades do Pavillón Municipal, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa con múltiples criterios de valoración.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.

### 4º.- Facturas varias.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe €	Nome Proveedor/Acreedor	Descripción
112 FACTURAS	02-04-07-11-23-28-31/05/2017	9.009,19	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministración á iluminación pública durante os meses de abril e/ou maio 2017
23 FACTURAS	02-03-04-28-31/05/2017	2.695,70	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a diversos locais e instalacións municipais durante os meses de marzo e/ou abril e/ou maio 2017
5626201768000422	13/06/2017	2.277,29	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa en frío para arranxo de pistas municipais subministrado o 02/06/2017
TA5LK0022150	19/06/2017	53,40	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas mes xuño/2017)
TA5LK0005254	19/06/2017	17,82	Telefónica de España, S.A.U.	Servizo de fax nas oficinas xerais municipais (cotas do mes de xuño/2017 e tráfico do mes de maio/2017)
TA5LK0005251	19/06/2017	21,97	Telefónica de España, S.A.U.	Servizos de fax e voz liña de enlace sistemas multiliña nos servizos sociais municipais (cotas do mes de xuño/2017)
31118066	09/06/2017	9,53	Automóviles Louzao, S.L.U.	Cuberta para o espello do camión de recollida do lixo subministrada o 01/06/2017
J-139	14/06/2017	121,00	Santos Caramés José	Traballo de rozadura de maleza nas rutas de sendeirismo en San Xoán da Cova e no Coto de Ximonde
338	27/01/2017	177,10	Mª Jesús Villaverde Núñez y otros, S.L. (Restaurante Villa Verde)	Xantar de traballo cos responsables da Estación Fitopatoloxica de Areeiro (Deputación de Pontevedra)
422	12/06/2017	640,00	Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago	Mantenento liga local de fútbol sala (gastos desprazamentos e arbitaxes de xaneiro e febreiro de 2017)
423	12/06/2017	1.020,00	Agrupación de Deportistas Veteranos de Santiago	Mantenento copa fútbol sala (gastos desprazamentos e arbitaxes de marzo e abril de 2017)
201700284	31/05/2017	890,00	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Mobiliario de cociña servido en maio/2017 para reponer no local social multiusos de Trobe (gasto cuberto polo seguro)
201700286	31/05/2017	315,51	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Vitrocerámica para o albergue de peregrinos e outros materiais para mantemento subministrados en maio/2017
201700285	31/05/2017	665,81	Droguería-Ferretería El Sol, SL	Materiais diversos para o servizo municipal de subministro de auga servidos en maio/2017
018//17	31/01/2017	252,36	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Reparacións maquinaria brigada verde e materiais subministrados para protección civil e brigada verde en



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com




				xaneiro/2017
443//16	30/09/2016	597,86	Talleres y Repuestos Barco S.L.	Reparacións maquinaria brigada verde e materiais subministrados para protección civil e brigada verde en setembro/2016
A/19	20/06/2017	399,30	Paralelo Zero Aventura y Outdoor, S.L.U.	Servizo aluguer de 15 kaiak para proba deportiva do programa de información e dinamización xuvenil Val do Ulla 2017
022/17	20/06/2017	331,54	Serigrafía Compostela, S.L.	Materiais para realización de curso dentro do programa de Información e Dinamización Xuvenil Val do Ulla 2017
020/17	16/06/2017	272,25	Serigrafía Compostela, S.L.	Vasos de plástico impresos subministrados para a proba descenso do Ulla en piragua
21 FRAS.	24/05/2017	540,03	Acredores diversos	Gastos seminario-reunión en Vicenza-Italia do 21 ao 24/05/2017 (proxecto Erasmus+: Youth & Development 4AII)
S1-2017-2T/17	21/06/2017	1.427,80	Tesla Technologies & Software, S.L.	Impartir 59 horas de cursos básicos de informática na aula Cemit durante os meses de xaneiro a maio de 2017
17-0067	19/06/2017	185,28	Pazo de Galegos - García Cebeiro Pablo	Produtos servidos para a promoción turística (xuño/2017 na Cidade da Cultura-Santiago)
17-0066	19/06/2017	36,30	Pazo de Galegos - García Cebeiro Pablo	Produtos subministrados para degustación na caseta de Vedra na Semana Verde de Silleda 2017 (Feira Salimat)
619	12/06/2017	4.124,35	Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería	Traballo de fontanería e mantemento no CEIP de Sta. Cruz, na piscina municipal e nos campos de fútbol en maio-xuño/2017
2017 030	21/06/2017	592,36	Acofide Xestión, S.L.	Pezas de vimbio natural subministradas para a zona de sombreado da piscina municipal (tempada 2017)
299	09/06/2017	45,55	Vascuas Martínez María Dolores	Produtos subministrados para degustación na caseta de Vedra na exposición da Semana Verde de Silleda 2017
841492156	22/06/2017	412,60	Ricoh España, SLU	Lectura de contadores período 01/03/2017-31/0/2017 das fotocopiadoras de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais
Recibo	22/06/2017	360,00	Acredores diversos	Árbores adquiridas a Obdulia Raviña Pereiro para plantar no aparcamento disuasorio de Ponte Ulla
16/2017	16/06/2017	453,75	Germil Calvo Margarita	Realización de curso obradoiro de tapicería en San Fins en maio e xuño de 2017
17/00605	20/06/2017	84,19	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de retirada de uralita do palco do campo da festa de San Pedro de Sarandón prestado o 20/06/2017
C9-17	31/05/2017	675,08	Fundación Refuxio de Animais	Cota fixa correspondente ao mes de maio/2017 e acollemento de 2 animais



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



				no período 01-31/05/2017
2017/059	09/06/2017	786,24	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal do mes de xuño/2017 (núm. 213)
2017/060	09/06/2017	355,74	Xestedec Comunicación	Subministro de lonas impresas para os expositores da caseta de Vedra na Semana Verde de Silleda 2017
Emit- 319	26/06/2017	1.250,08	CYE Control y Estudios, S.L.	Control de calidade externo da obra Acondicionamento de local social en San Mamede de Ribadulla (RA 481/2016)
2017-064	23/06/2017	272,25	Lage Seoane Hugo	Coordinación das xuntanzas e actividades de 2017 dentro do proxecto Erasmun+: Youth & Development 4AI
580/17	23/06/2017	2.055,96	Gamallo Gomez Manuel - Talleres M. Gamallo	Reparación do embrague e da dirección do vehículos Nissan 3663HNG de Protección Civil realizada en xuño/2017
5	19/03/2017	72,60	Ferradáns Rendo Ines	Ruta guiada por Vedra realizada dentro das actividades da Xornada arredor da Camelia 2017
7	05/04/2017	60,50	Ferradáns Rendo Ines	Ruta guiada por Vedra do CPI realizada en abril dentro do programa educativo "Vedra Medra"
9	02/05/2017	72,60	Ferradáns Rendo Ines	Ruta guiada por Vedra do CPI realizada en maio dentro do programa educativo "Vedra Medra"
FP11707434	15/06/2017	113,74	Paz Dismac, S.L.	Plastificadora A-3 para usos múltiples subministrada o 05/06/2017
5626201768000449	21/06/2017	2.302,52	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa en frío para arranxo de pistas municipais subministrada o 19/06/2017
09/C16-17	23/06/2017	160,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes xuño/2017
17/250	24/06/2017	270,00	Electro Lestedo, S.L. (Electro Bermudez)	Achega municipal para os chándales da Anpa de Ortigueira dos cursos 2015-2016 e 2016-2017
B01/17	21/06/2017	56,00	Veiga Codeso Manuel	Servizo de transporte da máquina da exposición do liño en Feiravedra/2017 (prestado de S. Miguel ata Codesido-Forcarei)
33/17	27/06/2017	4.403,50	Guerra Neira Juan	Servizos de cátering, camareiros, carpa e equipamento prestados o 27/05/2017 para a Romaría da Terceira Idade
0330/00	23/06/2017	484,00	Pérez Mato Manuela	Asistencia técnica prestada para o proxecto de traballos silvícolas (de roza e limpeza) no castro de Socastro
FC9788 - 8	28/06/2017	365,21	García Sarandón, S.L.U.	Alimentos subministrados en xuño/2017 para actuacións de emerxencia por parte dos Servizos Sociais municipais
24/2017	29/06/2017	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas do Concello de Vedra mes xuño/2017
25/2017	29/06/2017	3.025,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Dirección da obra mellora e acondicionamiento de local social en San Mamede



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



26/2017	29/06/2017	3.025,00	Fermín González Blanco, S.L.U.	Dirección da obra adaptación de local para arquivo municipal de Vedra
874	28/06/2017	330,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 15/03/2017 para viaxe de alumnos do CPI de Vedra a Carballo (ao Club de Debate)
868	26/06/2017	330,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar prestado o 06/06/2017 para viaxe alumnos do CRA (S. Fins e S. Xián) ao Museo Etnográfico Casa Pantón
L/9	05/04/2017	191,66	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Produtos para actuacións de loita contra a avespa velutina subministrados en marzo/2017
L/12	01/05/2017	437,33	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Materiais e produtos para actuacións de loita contra a avespa velutina subministrados en abril/2017
A/36	27/06/2017	398,96	Comercial Agrícola Vedra S.L.	Materiais e produtos para actuacións de loita contra a avespa velutina subministrados en xuño/2017
Liquidación	23/06/2017	88,00	Otero Cutrín Nuria	Impartir sesións de traballo corporal para a Terceira Idade durante o mes de maio/2017
32122434	22/06/2017	330,40	Automóviles Louzao, S.L.U.	Revisión de mantemento do aceite e o sistema de aire do camión de recollida do lixo 9047HPG feita o 22/06/2017
17/6	30/06/2017	1.712,10	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza do centro de saúde e escolas unitarias prestado no mes de xuño/2016
Liquidación	30/06/2017	1.330,00	Enrique Vázquez Martínez	Xornadas de traballo de xaneiro a xuño
Liquidación	30/06/2017	95,00	Juan Manuel Cernadas Méndez	Xornadas de traballo dos meses de abril, maio e xuño
Liquidación	30/06/2017	1.070,00		Quilometraxe das auxiliares do servizo de axuda no fogar en xuño
Liquidación	30/06/2017	1.573,56		Fondo social do persoal municipal do 2º trimestre do ano
Liquidación		365,54	Membros da Mesa Cualificadora do proceso selectivo	Indemnización polas reunións mantidas os días 15 e 16/06/2017 no proceso de selección de 3 prazas de xardineiro financiadas pola Deputación Provincial e polo FSE
Liquidación		182,77	Membros da Mesa Cualificadora do proceso selectivo	Indemnización pola reunión mantida o día 21/06/2017 no proceso de selección de 1 praza de tractorista e 2 prazas de albanel financiadas pola Deputación Provincial e polo FSE
Liquidación		85,70	Pereiras Mercedes Caldelas	Indemnización, quilometraxe, peaxe autoestrada e aparcamento pola asistencia o día 27/06/2017 a xornada sobre nova versión de TEDEC no marco da Administración Electrónica celebrada na Deputación da Coruña

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería – Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



### 5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía do mes de xuño.

Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía do mes de xuño:

DECRETO	DATA	ASUNTO
183	01/06/2017	Alta padrón municipal de habitantes
184	02/06/2017	Abandono de don Roberto Castro Rocamonde do grupo municipal do BNG
185	02/06/2017	Designando Comisión Asesora Técnica contrato subministración dun furgón para servizos municipais e unha furgoneta para a brigada verde (convenio coa Deputación 45/217)
186	02/06/2017	Incoando expediente reposición legalidade por obras en Galegos – Santa Cruz de Ribadulla
187	02/06/2017	Delegando funcións Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde os días 6 e 7 de xuño con motivo de viaxe a Valencia para asistir a reunión da Xunta de Goberno da Rede de Cidades polo Clima
188	02/06/2017	Baixa libre concorrenza SAF de M. V e muller
189	05/06/2017	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
190	06/06/2017	Alta padrón municipal de habitantes
191	07/06/2017	Clasificando ofertas contrato de subministración dos vehículos financiados a través de convenio asinado con Deputación (45/17)
192	08/06/2017	Limpeza de fincas en San Xián de Sales
193	08/06/2017	Limpeza de finca en Pousada de Abaixo
194	08/06/2017	Aprobación solicitude programa <i>deseñando o teu futuro 2017</i> co concello de Boqueixón
195	08/06/2017	Limpeza de fincas en Manteles
196	08/06/2017	Aprobación lista admitidos, excluídos o Programa de PEL 2017 da Deputación, e fixando día, hora e lugar das probas
197	09/06/2017	Ampliando prazo publicación resolución lista provisional de admitidos/excluídos convocatoria Bolsa de Emprego Temporal 2017
198	09/06/2017	Adxudicación xestión piscina municipal tempada verán 2017 a Acofide 2000 Xestión, S.L
199	09/06/2017	Clasificando ofertas contrato de ampliación da rede de sumidoiros en Laraño e Galegos (PMA 2016)
200	12/06/2017	Contratación urgente de persoal para cubrir vacacións e baixa voluntaria de monitora de ludoteca
201	12/06/2017	Alta padrón municipal de habitantes
202	12/06/2017	Solicitud subvención para socorrista dentro da convocatoria da Deputación Provincial
203	13/06/2017	Alta padrón municipal de habitantes
204	13/06/2017	Ordenando contratación para substituír a persoal de Protección civil por baixa
205	13/06/2017	Autorizando celebración de sardiñada á Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla
206	14/06/2017	Alta padrón municipal de habitantes
207	14/06/2017	Lista provisional admitidos e excluídos na gardería municipal para o curso 2017-2018
208	14/08/2017	Limpeza de finca en Reboredo –Ponte Ulla
209	15/06/2017	Designación membros tribunal, día , hora e e lugar para as probas de albaneis e tractoristas do PEL 2017
210	16/06/2017	Contratación xardineiros do PEL 2017
211	19/06/2017	Adxudicando contrato de subministración dun furgón e furgoneta para servizos municipais a Yañez, S.L
212	19/06/2017	Alta padrón municipal de habitantes



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



213	19/06/2017	Aprobando lista provisional admitidos e excluídos Bolsa de Emprego Temporal 2017
214	21/06/2017	Substitución de xardineiro do PEL 2017 por renuncia
215	22/06/2017	Contratación albaneis e tractoristas do PEL 2017
216	22/06/2017	Alta padrón municipal de habitantes
217	23/06/2017	Limpeza de fincas en SAU-1 (San Xián de Sales)
218	23/06/2017	Aprobación bases para a contratación dun/unha técnico/a de turismo
219	23/06/2017	Adxudicando contrato de suministración de fotocopiadoras a VSM Sistemas
220	23/06/2017	Adxudicando obra de Ampliación da rede de sumidoiros en Laraño e Galegos do PMA 2016 a SYR-AMG, S.L
221	23/06/2017	Autorizando celebración festas en San Pedro de Sarandón
222	26/06/2017	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
223	27/06/2017	Adxudicando a José Luís Fernández Vázquez –Amextreme Aventura o alugamento de canoas –kayaks e barcas no Río Ulla
224	27/06/2017	Autorizando celebración festas en San Xián de Sales
225	28/06/2017	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo vivenda nº 2 de Neira de Arriba –San Mamede de Ribadulla
226	28/06/2017	Cambio titularidade recibos taxas recollida de lixo e sumidoiros da vivenda núm. 23 de Ponte Ulla
227	29/06/2017	Aprobando solicitude de subvención ao AGADER e proxecto de mellora de camiños municipais
228	29/06/2017	Aprobación lista definitiva de admitidos gardería curso 2017-2018
229	29/06/2017	Concesión gardería curso 2016-2017 a tres menores
230	29/06/2017	Aprobación factura e ordenando pago de Adif por gastos de autorización para obra de Ampliación da rede de sumidoiros en Laraño e Galegos do PMA 2016
231	29/06/2017	Adhesión ao Protocolo de colaboración entre a S.X. de Igualdade e a Fegamp para crear unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero
232	29/06/2017	Modificación título e importe do proxecto de mellora de pistas incluído na subvención ao AGADER
233	29/06/2017	Limpeza de fincas en Pousada de Abaixo –Vedra
234	29/06/2017	Ordenando continuidade de dona Josefa Carrillo ata o 31/07/2017 por necesidades do servizo

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 6º.- Outros asuntos.

#### 6.1.-Aprobación padrón fiscal do SAF do 2º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 2º trimestre de 2017, cuxo resumo é o seguinte

	Nº usuarios	Importe
Usuarios Dependentes	33	11.666,55
Libre concorrenza	20	3.205,35

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.



6.2.- Acordo sobre solicitude de subvención ao Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital.

Dáse conta do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE núm. 144/17, do 17 de xuño).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Participar e aceptar expresamente o procedemento regulado por este Real Decreto.

Segundo.- Aprobar as actuacións que componen o proxecto singular *Renovación de las instalaciones de alumbrado exterior público del Ayuntamiento de Vedra*, cuxo orzamento ascende á cantidade de 995.539,60 euros (IVE engadido)

Terceiro.- Aprobar a memoria descriptiva das actuacións a acometer.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.